

Temario básico de referencia

Escala de Orientación Laboral

Parte específica | Tema 38

Apoio á economía social: Lei 5/2011, do 29 de marzo, de economía social. Responsabilidade social das empresas. Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN





© 2024 - Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Dispoñible baixo licenza [CC BY-NC-SA 4.0](#)



BY: en caso de citar os contidos, debe outorgarse crédito da autoría á Xunta de Galicia.

NC: só se permite o uso non comercial da obra.

SA: as adaptacións que se elaboren deben compartirse coa mesma licenza.

AVISO DE EXENCIÓN DE RESPONSABILIDADE.

Estes contidos non son un temario oficial.

Supoñen unicamente unha ferramenta de axuda que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pon a disposición de todas as persoas interesadas en participar nos procesos selectivos para o ingreso no corpo de xestión da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, escala de orientación laboral.

Os contidos responden á normativa, documentos e outras referencias que estaban vixentes no momento da súa elaboración, polo que poden ter sufrido cambios co decurso do tempo. Comprobe sempre e vixencia dos contidos e empregue as últimas versións dispoñibles.

Índice

1	Apoio á economía social: Lei 5/2011, do 29 de marzo, de economía social	4
2	Responsabilidade social das empresas	12
2.1	Estratexia Galega de RSE 2023 – 2025.....	13
2.2	Programa Responsabilízate da Xunta de Galicia.....	15
3	Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia.....	15

1 Apoio á economía social: Lei 5/2011, do 29 de marzo, de economía social

A lei 5/2011, do 29 de marzo, de economía social (en diante, LES) conta con 13 artigos, 7 disposicións adicionais, 2 disposicións transitorias e 4 disposicións finais, e ten por obxecto establecer un marco xurídico común para o conxunto de entidades que integran a economía social, con pleno respecto á normativa específica aplicable a cada unha delas, así como determinar as medidas de fomento a favor das mesmas en consideración aos fins e principios que lles son propios (artigo 1).

Neste sentido, e a efectos da LES, denomínase economía social ao conxunto das actividades económicas e empresariais, que no ámbito privado levan a cabo aquelas entidades que, de conformidade cos principios recollidos no artigo 4 da LES, perseguen ben o interese colectivo dos seus integrantes, ben o interese xeral económico ou social, ou ambos (artigo 2).

Sen prexuízo das competencias que poidan corresponder ás Comunidades Autónomas, o ámbito de aplicación desta Lei esténdese a todas as entidades da economía social que actúen dentro do Estado (artigo 3).

As entidades da economía social actúan en base aos seguintes principios orientadores (artigo 4):

- Primacía das persoas e do fin social sobre o capital, que se concreta en xestión autónoma e transparente, democrática e participativa, que leva a priorizar a toma de decisións máis en función das persoas e as súas achegas de traballo e servizos prestados á entidade ou en función do fin social, que en relación ás súas achegas ao capital social.
- Aplicación dos resultados obtidos da actividade económica principalmente en función do traballo achegado e servizo ou actividade realizada polas socias e socios ou polos seus membros e, no seu caso, ao fin social obxecto da entidade.
- Promoción da solidariedade interna e coa sociedade que favoreza o compromiso co desenvolvemento local, a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a cohesión social, a inserción de persoas en risco de exclusión social, a xeración de emprego estable e de calidade, a conciliación da vida persoal, familiar e laboral e a sustentabilidade.
- Independencia respecto dos poderes públicos.

I. Entidades da economía social (artigo 5).

Forman parte da economía social:



- As cooperativas, as mutualidades, as fundacións e as asociacións que leven a cabo actividade económica.
- As sociedades laborais.
- As empresas de inserción.
- Os centros especiais de emprego.
- As confrarías de pescadores.
- As sociedades agrarias de transformación.
- As entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos principios establecidos no artigo 4 da LES.

Así mesmo, poderán formar parte da economía social aquelas entidades que realicen actividade económica e empresarial, cuxas regras de funcionamento respondan os principios enumerados no artigo anterior, e que sexan incluídas no catálogo de entidades establecido no artigo 6 da LES.

En todo caso, as entidades da economía social regularanse polas súas normas substantivas específicas.

Decláranse entidades prestadoras de Servizos de Interese Económico Xeral, os Centros Especiais de Emprego e as Empresas de Inserción, constituídas e cualificadas como tales segundo a súa normativa reguladora. Así mesmo, poderá estenderse esta declaración a calquera outras entidades da economía social que teñan por obxecto igualmente a inserción laboral de colectivos en risco de exclusión, conforme ao que se estableza regulamentariamente.

II. Catálogo de entidades de economía social (artigo 6).

O Ministerio de Traballo e Inmigración, previo informe do Consello para o Fomento da Economía Social, e en coordinación coas Comunidades Autónomas, elaborará e manterá actualizado un catálogo dos diferentes tipos de entidades integrantes da economía social, tendo en conta os principios establecidos na presente lei e de forma coordinada cos catálogos existentes no ámbito autonómico.

Os catálogos de entidades de economía social deberán ser públicos. A publicidade farase efectiva por medios electrónicos.

Na actualidade, a responsabilidade de actualización do devandito catálogo corresponde ao Ministerio de Traballo e Economía Social.

Ademais do anterior, as entidades de economía social poderán constituír asociacións para a representación e defensa dos seus intereses (artigo 7).

III. Fomento e difusión da economía social (artigo 8).

Recoñécese como tarefa de interese xeral, a promoción, estímulo e desenvolvemento das entidades da economía social e das súas organizacións representativas.

Os poderes públicos, no ámbito das súas respectivas competencias, terán como obxectivos das súas políticas de promoción da economía social, entre outros, os seguintes:

- Remover os obstáculos que impidan o inicio e desenvolvemento dunha actividade económica das entidades da economía social. Para iso prestarase especial atención á simplificación de trámites administrativos para a creación de entidades da economía social.
- Facilitar as diversas iniciativas de economía social.
- Promover os principios e valores da economía social.
- Promocionar a formación e readaptación profesional no ámbito das entidades da economía social.
- Facilitar o acceso aos procesos de innovación tecnolóxica e organizativa aos emprendedores das entidades de economía social.
- Crear un contorno que fomente o desenvolvemento das iniciativas económicas e sociais no marco da economía social.
- Involucrar ás entidades da economía social nas políticas activas de emprego, especialmente en favor dos sectores máis afectados polo desemprego, mulleres, mocidade e parados de longa duración.
- Introducir referencias á economía social nos plans de estudo das diferentes etapas educativas.
- Fomentar o desenvolvemento da economía social en áreas como o desenvolvemento rural, a dependencia e a integración social.

Ao Goberno, para a aplicación desta Lei, corresponderalle, con carácter xeral, a través do Ministerio de Traballo e Inmigración, impulsar no seu ámbito a realización das actuacións de promoción, difusión e formación da economía social, sen prexuízo das facultades doutros departamentos ministeriais en relación coa actividade económica, empresarial e social que desenvolvan as entidades de economía social para o cumprimento do seu obxecto social.

Na actualidade, Ministerio de Traballo e Economía Social.

No desenvolvemento das actividades de fomento da economía social respectaranse as competencias das Comunidades Autónomas. Desde a Administración Xeral do



Estado impulsaranse os mecanismos de cooperación e colaboración necesarios coas Administracións Autonómicas para o desenvolvemento das actividades de fomento da economía social.

IV. Incentivos á incorporación de persoas traballadoras a cooperativas e sociedades laborais (artigo 9).

As cooperativas e sociedades laborais que incorporen persoas traballadoras desempregadas como persoas socias traballadoras ou de traballo poderán beneficiarse de bonificacións nas cotas empresariais da Seguridade Social, nos termos e as contías que legalmente se establezan.

V. Capitalización da prestación por desemprego aos beneficiarios de prestacións cando pretendan incorporarse como socios traballadores ou de traballo en cooperativas ou en sociedades laborais (artigo 10).

En aplicación do disposto no apartado 3 do artigo 228 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/1994, de 20 de xuño (**disposición derogada**), manterase o previsto no Real Decreto 1044/1985, de 19 de xuño, polo que se establece o abono da prestación por desemprego na súa modalidade de pago único, incluídas as modificacións incorporadas por normas posteriores, no que non se opoñan ás regras seguintes:

- A entidade xestora poderá abonar o valor actual do importe da prestación por desemprego de nivel contributivo, aos beneficiarios de prestacións cando pretendan incorporarse, de forma estable, como socios traballadores ou de traballo en cooperativas ou en sociedades laborais, aínda que mantivesen un vínculo contractual previo coas devanditas sociedades, independentemente da súa duración ou constituílas, e ás persoas que traballen na sociedade laboral ou cooperativa cunha relación laboral de carácter indefinido que reúnan todos os requisitos para ser beneficiarios da prestación por desemprego de nivel contributivo, salvo o de estar en situación legal de desemprego, que pretendan adquirir a condición de persoa socia traballadora ou de traballo na devandita sociedade laboral ou cooperativa.

Nestes supostos, o abono da prestación realizarase dunha soa vez polo importe que corresponda ás achegas ao capital, incluíndo a cota de ingreso, no caso das cooperativas, ou ao da adquisición de accións ou participacións do capital social nunha sociedade laboral no necesario para acceder á condición de socio.

Quen capitalice a prestación por desemprego, tamén poderá destinar a mesma aos gastos de constitución e posta en funcionamento dunha entidade, así



como ao pago das taxas e o prezo de servizos específicos de asesoramento, formación e información relacionados coa actividade a emprender.

Abonarase como pago único a contía da prestación, calculada en días completos, da que deducirá o importe relativo ao interese legal do diñeiro.

Nos supostos nos que se prevé a capitalización sen estar en situación legal de desemprego, a solicitude da prestación e da capitalización será simultánea e a data desta asimilarse, a efectos de recoñecemento e cálculo da prestación, á data da situación legal de desemprego.

- A entidade xestora poderá abonar mensualmente o importe da prestación por desemprego de nivel contributivo para subvencionar a cotización do traballador á Seguridade Social, e neste suposto:

- A contía da subvención, calculada en días completos de prestación, será fixa e corresponderá ao importe da achega íntegra do traballador á Seguridade Social no momento do inicio da actividade sen considerar futuras modificacións, salvo cando o importe da subvención quede por baixo da achega do traballador que corresponda á base mínima de cotización vixente para cada réxime de Seguridade Social; en tal caso, abonarase esta última.

- O abono realizarase mensualmente pola entidade xestora ao traballador, previa comprobación de que se mantén en alta na Seguridade Social no mes correspondente.

- A solicitude do abono da prestación por desemprego de nivel contributivo, segundo o establecido nas regras 1ª e 2ª anteriores, en todo caso deberá ser de data anterior á data de incorporación á cooperativa ou sociedade laboral.

Se o traballador impugnase o cesamento da relación laboral orixe da prestación por desemprego, a solicitude deberá ser posterior á resolución do procedemento correspondente.

Os efectos económicos do abono do dereito solicitado produciranse a partir do día seguinte ao do seu recoñecemento, salvo cando a data de inicio da actividade sexa anterior, nese caso, estarase á data de inicio desa actividade.

O Goberno poderá modificar, mediante real decreto, o establecido no apartado anterior.

VI. Capitalización da prestación por desemprego para a adquisición da condición de sociedade laboral ou transformación en cooperativa por sociedades mercantís en concurso (artigo 10 bis).

A entidade xestora poderá abonar ás persoas que reúnan todos os requisitos para ser beneficiarios da prestación contributiva por desemprego, salvo o de estar en situación legal de desemprego, o valor actual do importe da devandita prestación, cando pretendan adquirir accións ou participacións sociais dunha sociedade na que prestan servizos retribuídos como persoas traballadoras con contrato de traballo por tempo indefinido de forma que, coa devandita adquisición, individualmente considerada, ou coas adquisicións que realicen outras persoas, traballadoras ou non da sociedade, esta reúna as condicións legalmente necesarias para adquirir a condición de sociedade laboral ou transformarse en cooperativa.

A solicitude da prestación e da capitalización será simultánea e a data da mesma asimilarse, a efectos de recoñecemento e cálculo da prestación, á data da situación legal de desemprego (artigo 10 bis.1).

O abono da prestación capitalizada requirirá que a empresa se declarase en concurso e que o xuíz do mercantil acordase a transformación da sociedade nunha sociedade cooperativa ou sociedade laboral no marco do disposto nos artigos 219 ou 224 bis e artigos concordantes do texto refundido da Lei Concursal (artigo 10 bis.2).

Nos supostos establecidos no apartado 1 a prestación poderase capitalizar ata o 100 % do seu importe para destinala á adquisición de accións ou participacións sociais da sociedade na que traballen as persoas solicitantes ou, no caso de non obter a prestación polo seu importe total, o importe restante poderase obter conforme ao establecido para subvencionar as cotas á seguridade social segundo o que se dispón no apartado 4 (artigo 10 bis.3).

Cando a prestación se obteña, no importe que corresponda, para a subvención das cotas á seguridade social, o abono por parte da entidade xestora realizarase nos seguintes termos (artigo 10 bis.4):

- A contía da subvención, calculada en días completos de prestación, será fixa e corresponderá ao importe da achega íntegra da persoa traballadora á Seguridade Social no momento da solicitude da capitalización sen considerar futuras modificacións, salvo cando o importe da subvención quede por baixo da achega do traballador ou traballadora que corresponda á base mínima de cotización vixente para cada réxime de Seguridade Social, abonándose, en tal caso, esta última.
- O abono realizarase mensualmente pola entidade xestora ao traballador, previa comprobación de que se mantén en alta na Seguridade Social no mes correspondente.

Mediante desenvolvemento regulamentario precisarase o procedemento mediante o cal a entidade xestora acreditará ante o xuíz do concurso que en caso de ser autorizado por este autorizaranse as capitalizacións das prestacións por desemprego

que posibilitarán a transformación da sociedade en sociedade cooperativa ou sociedade laboral (artigo 10 bis.5).

VII. Bonificacións de cotas de Seguridade Social para as persoas socias traballadoras ou socias de traballo das sociedades cooperativas, en período de descanso por nacemento, adopción, garda con fins de adopción, acollemento, risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural (artigo 11).

Á cotización de persoas socias traballadoras ou socias de traballo das sociedades cooperativas, substituídos durante os períodos de descanso por nacemento, e coidado do ou da menor, exercicio corresponsable no coidado do menor ou da menor lactante, risco durante o embarazo ou risco durante a lactación natural, mediante os contratos de substitución bonificados, celebrados con persoas desempregadas, seralles de aplicación as bonificacións que legalmente se establezan.

VIII. Pago único da prestación por cesamento de actividade (artigo 12).

Quen sexan titulares do dereito á prestación por cesamento de actividade, e teñan pendente de percibir un período de, polo menos, 6 meses, poderán percibir dunha soa vez o valor actual do importe da prestación, cando acrediten ante o órgano xestor que van realizar unha actividade profesional como socios traballadores dunha cooperativa de traballo asociado ou sociedade que teña o carácter de laboral.

O beneficiario que desexe percibir a súa prestación dunha soa vez poderá solicitalo ao órgano xestor, acompañando á solicitude memoria explicativa sobre o proxecto de investimento a realizar e actividade a desenvolver, así como canta documentación acredite a viabilidade do proxecto.

Os solicitantes deberán acompañar certificación de ter solicitado o seu ingreso na sociedade e condicións en que este se producirá. De tratarse de cooperativas ou sociedades laborais de nova creación deberán acompañar, ademais, o proxecto de estatutos da sociedade. Nestes casos o abono da prestación na súa modalidade de pago único estará condicionado á presentación do acordo de admisión como socio ou á efectiva inscrición da sociedade no correspondente rexistro.

O órgano xestor, tendo en conta a viabilidade do proxecto a realizar, recoñecerá o dereito no prazo de 30 días contados desde a solicitude do pago único. Contra a decisión do órgano xestor poderase reclamar nos termos do artigo 19 da Lei 32/2010, de 5 de agosto, pola que se establece un sistema específico de protección por cesamento de actividade.

A Lei 32/2010, de 5 de agosto, ten sido derogada (salvo as disposicións adicionais 10 e 11) pola disposición derogatoria única.18 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro.

A solicitude do abono da prestación por cesamento de actividade, en todo caso deberá ser de data anterior á data de incorporación á cooperativa ou sociedade laboral, ou á de constitución da cooperativa ou sociedade laboral.

Unha vez percibida a prestación polo seu valor actual, o beneficiario deberá iniciar, no prazo máximo dun mes, a actividade para cuxa realización se lle concedeu e darse de alta no correspondente réxime da Seguridade Social, ou acreditar, no seu caso, que está en fase de iniciación.

O abono da prestación realizarase dunha soa vez polo importe que corresponda ás achegas ao capital, incluíndo a cota de ingreso, no caso das cooperativas, ou ao da adquisición de accións ou participacións do capital social nunha sociedade laboral no necesario para acceder á condición de socio traballador, incluídas as cargas tributarias para o inicio da actividade.

Quen perciba o pago único da prestación por cesamento de actividade poderá destinar a mesma aos gastos de constitución e posta en funcionamento dunha entidade, así como ao pago das taxas e tributos. Poderá, ademais, destinar ata o 15 % da contía da prestación capitalizada ao pago de servizos específicos de asesoramento, formación e información relacionados coa actividade a emprender.

Abonarase como pago único a contía da prestación, calculada en días completos, da que se deducirá o importe relativo ao interese legal do diñeiro.

O órgano xestor, a solicitude dos beneficiarios desta medida, poderá destinar todo ou parte do pago único da prestación por cesamento de actividade a cubrir os custos de cotización á Seguridade Social. En tal caso, haberá que atermos ás seguintes regras:

- Se non se obtén a prestación polo seu importe total, o importe restante poderase obter conforme ao establecido na regra segunda seguinte.

Así mesmo, o beneficiario da prestación poderá optar por obter toda a prestación pendente por percibir conforme ao establecido na regra segunda seguinte.

- O órgano xestor poderá abonar mensualmente o importe da prestación por cesamento de actividade para compensar a cotización do traballador á Seguridade Social, e neste suposto:

→ A contía a abonar, calculada en días completos de prestación, será fixa e corresponderá ao importe da achega íntegra do traballador á Seguridade Social no momento do inicio da actividade sen considerar futuras modificacións.



- O abono realizarase mensualmente pola entidade ou organismo xestor ao traballador, previa comprobación de que se mantén en alta na Seguridade Social no mes correspondente.

A percepción da prestación nun pago único será compatible con outras axudas que para a constitución ou integración en cooperativas ou sociedades laborais puidesen obterse.

A non afectación da cantidade percibida á realización da actividade para a que se concedeu será considerada pago indebido aos efectos previstos no artigo 31 do Real Decreto 1541/2011, de 31 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 32/2010, de 5 de agosto, pola que se establece un sistema específico de protección por cesamento de actividade dos traballadores autónomos (**derrogada**, excepto as disposicións adicionais 10 e 11). A estes efectos, entenderase, salvo proba en contrario, que non existiu afectación cando o traballador, no prazo dun mes, non acredítase os extremos indicados no apartado 4 deste artigo.

Por último, o artigo 13 regula o Consello para o Fomento da Economía Social, órgano asesor e consultivo para as actividades relacionadas coa economía social.

2 Responsabilidade social das empresas

Segundo a Organización Internacional do Traballo (OIT), a responsabilidade social da empresa (en diante, RSE) é o reflexo da maneira en que as empresas toman en consideración as repercusións que teñen as súas actividades sobre a sociedade, e na que afirman os principios e valores polos que se rexen, tanto nos seus propios métodos e procesos internos como na súa relación cos demais actores. A RSE é unha iniciativa de carácter voluntario e que só depende da empresa, e se refire a actividades que se considera que superan o mero cumprimento da lexislación.

Neste mesmo sentido se pronuncia a Unión Europea, que a define no seu libro verde "Fomentar un marco europeo para a responsabilidade social das empresas" (COM (2001) 366 final) onde establece que a maioría das definicións da responsabilidade social das empresas entenden este concepto como a integración voluntaria, por parte das empresas, das preocupacións sociais e ambientais nas súas operacións comerciais e as súas relacións cos seus interlocutores.

Neste sentido, e continuando co libro verde, ser socialmente responsable non significa soamente cumprir plenamente as obrigas xurídicas, senón tamén ir máis aló do seu cumprimento investindo "máis" no capital humano, o contorno e as relacións cos interlocutores. A experiencia adquirida co investimento en tecnoloxías e prácticas comerciais respectuosas co medio ambiente suxire que ir máis aló do cumprimento da lexislación pode aumentar a competitividade das empresas. A aplicación de normas máis estritas que os requisitos da lexislación do ámbito social, por exemplo en materia



de formación, condicións laborais ou relacións entre a dirección e os traballadores, pode ter tamén un impacto directo na produtividade. Abre unha vía para administrar o cambio e conciliar o desenvolvemento social co aumento da competitividade.

Polo tanto, e na medida que responde a unha actuación voluntaria da empresa que tende a superar o marco xurídico establecido, non existe nin pode existir unha lei que regule a RSE, senón que a súa aplicación baséase en boas prácticas na materia e en normas de carácter voluntario.

2.1 Estratexia Galega de RSE 2023 – 2025

Seguindo este enfoque, desde a Xunta de Galicia tense definido a Estratexia Galega de RSE 2023 – 2025, coa que quere avanzar cara unha Galicia igualitaria, responsable e competitiva, na que empresas e administración traballen cara a unha sociedade responsable e un desenvolvemento sustentable, no contexto dos retos globais; unha Galicia como espazo de oportunidades para un desenvolvemento social, ambiental e económico responsable, baseado na colaboración dos axentes públicos e privados e dos grupos de interese.

Esta Estratexia Galega de RSE, que se desenvolve no marco do Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, busca promover que as empresas galegas se desenvolvan atendendo de forma equilibrada ás variables económicas, ambientais, sociais e de bo goberno, así como ás demandas dos seus grupos de interese para construír unha Galicia de futuro.

As 25 accións que compoñen a Estratexia Galega de RSE 2023 – 2025 enmárcanse ao redor dos seguintes 3 eixes e 11 obxectivos:

Eixe 1 Empresa	Eixe 2 Sociedade de futuro	Eixe 3 Administración pública
Situar os valores e principios da responsabilidade social empresarial na axenda das empresas galegas como mecanismos para impulsar a súa competitividade, produtividade e crecemento.	Contar cunha estratexia de responsabilidade social empresarial aberta, compartida e coñecida por todos os grupos de interese, que permita crear sinerxias a través da escoita e a colaboración entre empresas, administración e sociedade civil.	Impulsar unha xestión responsable e exemplarizante nas políticas, plans e programas da administración, particularmente desde os organismos competentes en materia de emprego.
Obxectivos: _ Transformación dos modelos de negocio: Apoiar a transformación estratéxica das empresas galegas para que poidan crear modelos de negocio ou actividades que lles permitan aproveitar as oportunidades na	Obxectivos: _ Competencias para o futuro: Formar unha forza laboral capacitada para afrontar os retos dunha economía dixital e sustentable e poñer o seu talento en contacto co tecido empresarial.	Obxectivos: _ Papel exemplarizante da Administración: Implantar as mellores prácticas en materia de RSE dentro da organización da Administración de modo que sirva de exemplo a seguir e permita impulsar a



Eixe 1 Empresa	Eixe 2 Sociedade de futuro	Eixe 3 Administración pública
<p>transición cara a unha economía sustentable e dixital.</p> <p>_ Bo Goberno e transparencia: Formar, sensibilizar e apoiar ás empresas para mellorar os seus sistemas de transparencia e Bo Goberno corporativo de forma que as empresas poidan anticiparse ás esixencias do mercado, responder á presión regulatoria e acceder a novas fontes de financiamento.</p> <p>_ Atracción e desenvolvemento do talento: Desenvolver unha contorna de traballo inclusivo, diverso e seguro que permita ás empresas galegas contar co talento necesario para a transición a unha economía dixital e sustentable e facer fronte ao aumento de regulación en materia laboral.</p> <p>_ Solucións de impacto social e ambiental: Impulsar que as empresas se orienten á procura de solucións innovadoras aos retos do desenvolvemento sustentable, con atención ao seu impacto social e ambiental.</p>	<p>_ Sensibilización e consumo responsable: Fomentar un consumo responsable e hábitos de vida sustentables como parte dunha nova cultura que enlace o progreso dunha sociedade e a calidade de vida dos seus cidadáns co respecto á contorna e as persoas.</p> <p>_ Alianzas e participación: comentar redes de colaboración que faciliten o intercambio de experiencias e coñecemento entre empresas e permitan crear un diálogo fluído e constante con outros axentes da sociedade galega.</p> <p>_ Coñecemento da RSE: Xerar unha mobilización que permita a incorporación de máis empresas á estratexia de RSE e ofrecer aos consumidores unha ferramenta de confianza para elixir produtos con criterios sustentables.</p>	<p>acción ás empresas do seu territorio.</p> <p>_ Formación e sensibilización do capital humano na administración: os profesionais públicos adquiren a sensibilidade, os coñecementos e competencias necesarios para liderar a transformación dos sistemas sociais e produtivos cara unha economía sostible e dixital.</p> <p>_ Fomento da compra pública responsable: Fomentar boas prácticas sustentables e innovadoras nos provedores locais e facilitar a chegada ao mercado de novos produtos e servizos baseados en criterios de sustentabilidade.</p>

Entre as accións previstas neste plan, son as referidas ao Eixe Empresas as seguintes:

01	Apoio directo e asesoría para implantación de RSE	06	Implantación de ferramentas para a mellora da gobernanza	11	Proxectos de impacto social e ambiental
02	Alianzas sectoriais en materia de sostibilidade	07	Relacións laborais modernas baseadas en RSE	12	Menor impacto no uso de recursos
03	Innovación e dixitalización	08	Igualdade na empresa	13	Medición e redución da pegada de carbono
04	Acceso a financiamento	09	Conciliación, teletraballo e desconexión dixital	14	Colaboración con ONG 's con impacto social e ambiental
05	Transparencia e información sobre sostibilidade	10	Seguridade e saúde laboral e hábitos saudables		

2.2 Programa Responsabilízate da Xunta de Galicia

Responsabilízate é un programa da Xunta de Galicia que ofrece asesoramento 100 % gratuíto destinado a apoiar as pemes e microempresas do tecido empresarial galego na súa transformación cara modelos de negocio ambiental, social e economicamente sostibles. As entidades beneficiarias reciben acompañamento integral, formación e servizos de consultaría gratuítos por parte dun grupo de expertos para desenvolver iniciativas adaptadas ás súas necesidades, recursos e prioridades.

O programa ofrece:

- Análise de estado, potencial competitivo e situación da sostibilidade da empresa.
- Formación en liña “fundamentos “ASG para empresas” (Ambientais, Sociais e de Gobernanza).
- Asesoramento e formación personalizados.
- Definición dun plan de acción, acompañamento na implantación das primeiras accións e seguimento.

As empresas que completan o programa reciben o Selo Responsabilízate; as entidades posuidoras deste selo sitúanse como as primeiras en avanzar cara a un novo concepto de peme e microempresa sustentable, responsable, comprometida cos valores ASG e adiantada ás tendencias normativas.

Poderán participar no programa tanto pemes como persoas traballadoras autónomas, que teñan radicado o seu domicilio social ou que conten con algún centro de traballo en Galicia. Ademais, deben cumprir os seguintes requisitos:

- Ter polo menos unha persoa traballadora por conta allea.
- Non superar os 50 millóns de euros de volume de negocio anual ou ter un balance anual inferior a 43 millóns de euros.
- Non ser entidades sen ánimo de lucro.

A conxunto da actuación ten unha duración máxima de 18 meses, aínda que en cada caso o prazo de execución e o ritmo adáptase ás necesidades e dispoñibilidade de cada empresa.

3 Lei 6/2016, do 4 de maio, da economía social de Galicia

A lei 6/2016, do 4 de xuño, da economía social de Galicia (en diante, LESG) ten entre os seus obxectivos principais o de poñer en valor este sector económico, dotalo da relevancia que merece polas súas achegas á sociedade e impulsar a súa capacidade de xerar un modelo de desenvolvemento económico e social equilibrado e sostible.



Pretende, igualmente, achegar solucións ao complexo panorama sociolaboral e constituírse nun estímulo para a dinamización do autoemprego e do emprendemento enraizado no territorio, e ten como protagonistas as persoas.

A lei estrutúrase en 4 capítulos con 18 artigos, 5 disposicións adicionais, 2 disposicións transitorias, 1 disposición derogatoria e 5 disposicións derradeiras, e ten por obxecto establecer unha regulación común aplicable ao conxunto das entidades que integran a economía social en Galicia, así como orientar as accións de fomento e impulso con pleno respecto á normativa específica que se aplica a cada clase de entidades, e mais á normativa básica estatal, a Lei 5/2011, do 29 de marzo, de economía social (artigo 1.1).

En todo caso, as entidades da economía social regularanse polas súas normas substantivas específicas (artigo 1.2).

A finalidade da lei é a de recoñecer, fomentar e impulsar as entidades que integran a economía social para o eficaz cumprimento dos fins económicos e sociais que lle son propios, co potenciamento da súa presenza, crecemento e influencia en todos os campos da acción social, económica e empresarial, así como co establecemento de mecanismos para a súa organización e coordinación, respectando a súa autonomía (artigo 2).

O seu ámbito de aplicación alcanza ao conxunto de entidades de economía social que teñan o seu domicilio social en Galicia e que desenvolvan a súa actividade empresarial e económica principalmente no seu ámbito territorial, sen prexuízo das competencias que lle poidan corresponder ao Estado.

Entenderase que unha entidade desenvolve a súa actividade empresarial e económica principalmente en Galicia cando estea inscrita no rexistro galego que lle corresponda por razón da súa natureza (artigo 4).

I. Entidades da economía social de Galicia (artigo 6).

Forman parte da economía social de Galicia:

- As sociedades cooperativas galegas,
- As mutualidades,
- As fundacións e as asociacións que leven a cabo actividade económica,
- As sociedades laborais,
- As empresas de inserción,
- Os centros especiais de emprego,
- As confrarías de pescadores,

- As sociedades agrarias de transformación,
- As comunidades e mancomunidades de montes veciñais en man común, e
- As entidades singulares creadas por normas específicas que se rexan polos valores e principios orientadores establecidos nesta lei, sempre e cando desenvolvan unha actividade económica e empresarial.

Así mesmo, poderán formar parte da economía social de Galicia as entidades que realicen actividade económica e empresarial, cuxas regras de funcionamento respondan aos principios regulados no artigo 5, e que sexan incluídas no Catálogo de entidades da economía social, regulado no seguinte artigo.

II. Catálogo galego de entidades da economía social (artigo 7).

Correspóndelle á consellaría competente en materia de economía social da Xunta de Galicia, logo de informe do Consello da Economía Social de Galicia, elaborar e manter actualizado o Catálogo galego de entidades da economía social, no que se incluírán os diferentes tipos de entidades da economía social relacionadas no artigo 6 desta lei.

Na actualidade, esta competencia corresponde á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Todos os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma con competencias rexistradas sobre as entidades da economía social do artigo 6 desta lei deberán notificar e remitir anualmente á consellaría competente en materia de economía social, para a súa inclusión no Catálogo galego de entidades da economía social, unha relación das inscricións efectuadas nos ditos rexistros relativas á constitución, fusión, transformación ou disolución das anteditas entidades.

O Catálogo galego de entidades da economía social regulado neste artigo terá carácter único no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, deberá ser público e non terá carácter constitutivo, elaborarse de forma coordinada co Catálogo de entidades de economía social de ámbito estatal, e o seu funcionamento así como o acceso a el articularanse a través de medios electrónicos.

Ademais do anterior, as entidades da economía social galega poderán constituír asociacións que representen e defendan os seus intereses, e estas poderanse agrupar entre si, de acordo co previsto na normativa de aplicación correspondente.

Para tal obxecto, a Xunta de Galicia impulsará e promoverá a creación de entidades de integración do sector (artigo 8).

III. O Consello da Economía Social de Galicia (Capítulo III).

O Consello da Economía Social de Galicia, que se crea polo artigo 9 da LESG, é o órgano consultivo e asesor para as actividades relacionadas coa economía social en Galicia,

especialmente no ámbito da promoción e difusión da economía social. O Consello promoverá o diálogo, a coordinación e a colaboración entre todos os actores da economía social, sendo a vía principal de participación das entidades da economía social. Este órgano colexiado quedará integrado na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da consellería competente en materia de economía social, sen participar na súa estrutura xerárquica.

Corresponden ao Consello de Economía Social as seguintes funcións (artigo 10):

- Asesorar, cando sexa requirido para iso, na planificación, no fomento, na coordinación e na execución dos programas de promoción e difusión da economía social, en especial mediante a elaboración de recomendacións.
- Emitir informe, con carácter facultativo e non vinculante, sobre os proxectos de normas reguladoras que afecten as entidades da economía social galega.
- Elaborar estudos e propostas sobre cuestións que afecten a economía social en Galicia, así como os informes que con carácter facultativo e non vinculante lle soliciten as autoridades competentes sobre esta materia.
- Colaborar na elaboración e avaliación dos programas de desenvolvemento da economía social, cando sexa requirido para isto.
- Formular e emitir informe sobre as propostas de incorporación ou exclusión no Catálogo galego de entidades da economía social de tipos de entidades da economía social.
- Orientar a cooperación empresarial entre as entidades que forman parte da economía social.
- Asesorar, cando sexa requirido para iso, na integración e coordinación da promoción da economía social coas demais políticas públicas, en especial coas dirixidas á creación de emprego, ao fomento do emprendemento e ao desenvolvemento local e rural.
- Velar pola promoción e pola axeitada aplicación dos principios da economía social expresados nesta lei.
- Todas aquelas funcións que veñan determinadas por disposicións legais ou regulamentarias.

O Consello da Economía Social de Galicia poderá solicitar das institucións da Comunidade Autónoma canta información precise para o desenvolvemento das súas funcións.

Ao Consello da Economía Social de Galicia, como órgano de colaboración, coordinación e interlocución no ámbito da economía social de Galicia, correspóndelle

designar as persoas que deban ter a representación das entidades de economía social nos órganos de participación institucional de carácter xeral ou específico, de conformidade co que establezan as normas reguladoras do funcionamento destes, así como a designación de persoas interlocutoras e representantes da economía social de Galicia nos ámbitos en que proceda.

Dentro deste capítulo III tamén se regula a composición do Consello da Economía Social de Galicia (artigo 11), seguido dos nomeamentos e cesamentos (artigo 12) e o seu funcionamento (artigo 13).

IV. Fomento e difusión da economía social (artigo 14).

A Xunta de Galicia recoñece de interese xeral e social a promoción, o estímulo e o desenvolvemento das entidades da economía social e das súas organizacións representativas.

A Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades integrantes do sector público autonómico realizarán unha política de fomento e difusión da economía social que terá entre os seus obxectivos, ademais dos previstos na Lei 5/2011, de economía social, os seguintes:

- A promoción dos principios e valores da economía social.
- Facilitar as iniciativas de economía social, especialmente mediante a creación dun contorno que fomente o seu desenvolvemento nos planos económico e social.
- A mellora da xestión das entidades.
- A promoción da formación e actualización profesional das persoas vinculadas ás entidades da economía social.
- O estímulo dos procesos de innovación tecnolóxica e organizativa, así como de inmersión en tecnoloxías da información e as comunicacións.
- A promoción da participación das entidades da economía social nas políticas activas de emprego, en especial nas dirixidas a mulleres, xuventude, persoas desempregadas de longa duración, persoas con discapacidade e persoas en risco ou en situación de exclusión social.
- O impulso e a dinamización do autoemprego, do emprendemento de base cooperativa e da colaboración empresarial.
- O fomento dos procesos de mellora da competitividade e da internacionalización das entidades da economía social, integrando a promoción de sistemas de produción e servizos eficaces cos obxectivos sociais de cara á súa consolidación no tecido económico.



- A introdución de contidos formativos en materia de economía social no currículo das distintas ensinanzas, en particular nos niveis previos ao acceso ao mundo laboral e na formación para o emprego.
- A integración das políticas de fomento da economía social coas desenvolvidas nas diferentes áreas de xestión, especialmente as de desenvolvemento rural, emprendemento económico, prestación de servizos sociais, dependencia e integración social, procurando a efectiva coordinación entre consellarías, departamentos e organismos dependentes da Administración autonómica.
- A promoción da elaboración e a utilización de ferramentas que permitan avaliar e poñer en valor as achegas do sector á sustentabilidade social e ambiental.
- A introdución de cláusulas de carácter social que, tendo en conta as características e os valores da economía social, favorezan a súa participación na contratación pública e permitan avaliar adecuadamente as súas achegas e contribucións á sociedade.
- A remoción de obstáculos que impidan o inicio e o desenvolvemento de actividades económicas por parte das entidades da economía social.
- A simplificación de trámites administrativos para a creación de entidades da economía social, en particular incorporando solucións baseadas nas tecnoloxías da información e as comunicacións.

As correspondentes actuacións levaranas a cabo a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades integrantes do sector público autonómico, a través do impulso e a coordinación da consellaría competente en materia de economía social e do asesoramento do Consello da Economía Social de Galicia, e sen prexuízo das competencias atribuídas a outras consellarías en función da actividade empresarial que desenvolvan as entidades de economía social.

A Administración local, as universidades e o conxunto de entidades públicas procurarán a promoción da economía social dentro das súas actuacións.

Pola especial contribución das entidades da economía social ao desenvolvemento económico e social de Galicia promoverase a implicación das entidades privadas e dos cidadáns en xeral no labor de promoción e fomento da economía social.

V. A Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e da economía social (artigo 15).

As actividades de fomento e difusión da economía social, de acordo coa orientación do Consello da Economía Social de Galicia, impulsaranse especialmente a través da



Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social como instrumento creado polo Decreto 225/2012, do 12 de novembro.

VI. Planificación e execución das actividades de fomento (artigo 16).

A planificación das actividades de fomento da economía social terá especialmente en conta a existencia de programas europeos de colaboración e procurará a elaboración de programas específicos enmarcados nos distintos instrumentos comunitarios.

VII. Lanzamento de novas iniciativas de economía social (artigo 17).

Co obxecto de promover o desenvolvemento de novas iniciativas de economía social, mediante a creación de novas entidades ou mediante a ampliación de actividades das existentes, fomentaranse instrumentos financeiros específicos que contribúan ao seu lanzamento e inicio de actividades.

Estimularase o acceso das pequenas e medianas empresas da economía social galega a programas de microcréditos ou fondos de capital risco que se poidan concertar especificamente para o lanzamento de novas iniciativas de economía social e, en xeral, promoverase o seu acceso a todos aqueles instrumentos financeiros que se poidan adaptar ás necesidades das novas iniciativas da economía social.

VIII. Impulso da responsabilidade social empresarial, igualdade e conciliación nas entidades da economía social de Galicia (artigo 18).

A Xunta de Galicia impulsará e fomentará a implantación efectiva de plans de responsabilidade social empresarial, plans de igualdade e de conciliación nas entidades da economía social de Galicia.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN